

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DECLARACIÓN DESERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN PARA O “ACONDICIONAMENTO DE MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES (BLOQUE A)”. EXPTE CONTRATACIÓN Nº 2023/C005/000002.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Mediante Decreto de alcaldía número 492/2024 de data 28/05/2024, a Alcaldía, en calidade de órgano de contratación procedeu a aprobar o expediente de contratación (composto polo prego de cláusulas administrativas para a “ACONDICIONAMENTO DE MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES (BLOQUE A), e os demais documentos que obran no mesmo anteriormente indicados) mediante procedemento aberto simplificado sumario (criterios de apreciación automática) e o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola arquitecta Sandra Gonzalez Álvarez, con orzamento base de licitación de 22.983,71 euros (18.994,80 euros máis 3.988,91 euros); Autorizar, en contía de 22.983,71 euros, o gasto que representa a contratación referida, con cargo á partida do estado de gastos do Orzamento Municipal correspondente (231/62500); Publicar na Plataforma de contratación do Sector Público o anuncio de licitación, así como a Providencia xustificativa da contratación e demais documentos indicados no artigo 116 da LCSP, para que durante o prazo de 10 DIAS HÁBILES a contar dende o seguinte ao da publicación do citado anuncio, poidan os interesados presentar as proposicións que estimen pertinentes,

SEGUNDO.- Publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 29/05/2024, e rematado o prazo de presentación de ofertas en data 12/06/2024,

TERCEIRO.- Non habéndose presentado oferta algunha no prazo habilitado ao efecto,

Por todo o anterior, e de e conformidade co establecido no artigo 150 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e no uso das facultades que me confire a Disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, con esta data **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Declarar deserta a licitación para a subministración para o “ACONDICIONAMENTO DE MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES (BLOQUE A).

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía, do que a Secretaría accidental, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).